

## NOTA DE PRENSA

A cerimonia dos galardóns do teatro celebrárase o 30 de marzo no Teatro Rosalía Castro da Coruña

# Chévere conducirá a gala dos XX Premios de Teatro María Casares

*A compañía proporá unha gala musical na que intervirán un total de 14 artistas no escenario*

**11 de marzo de 2016-** O grupo Chévere será a compañía encargada de conducir a gala dos XX Premios María Casares, que se celebrará o próximo 30 de marzo no Rosalía Castro da Coruña. A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG), entidade organizadora dos galardóns, confíalle deste xeito á formación, galardoada en 2014 co Premio Nacional de Teatro, **a dirección artística e a presentación da gala deste 2016, ano moi especial para os galardóns ao celebrarse a súa vixésima edición e ao coincidir co vinte cabodano da propia María Casares.** Chévere, que xa está a traballar nos detalles do espectáculo, **proporá unha gala musical e de gran formato, ao contar sobre o escenario cun total de 14 artistas,** entre intérpretes e músicos. Deste xeito, polo escenario do Rosalía subirán os actores e as actrices Miguel de Lira, Patricia de Lorenzo, Manuel Cortés, Mónica García, Arantza Villar, César Goldi, Borja Fernández, Marcos Ptt e Cris Iglesias. A música, que está creada especificamente para a ocasión, correrá a cargo de Xacobe Martínez Antelo, Max Gómez, Manuel Cebrián, Xosé Miguélez e Javi GDJazz.

O director da gala, Xesús Ron, adianta que **a gala se pode definir como un musical e que significará unha gran celebración para a escena.** “Será unha mostra dos motivos polos cales debemos sentirnos orgullosos do teatro que se fai en Galicia. Na gala buscarase reforzar a parte positiva do teatro feito nestes últimos anos”, sinala Ron, antes de concluír que “malia a crise non rematou, abandonamos o discurso de queixa para reivindicar a fortaleza do talento”.

Pola súa banda, Vicente Mohedano, presidente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) destacou que Chévere **é unha das compañías “con maior traxectoria e que máis pegada deixou no noso sistema cultural”.** Mohedano, ademais, subliña a súa capacidade para “reinventarse constantemente” e de “actualizar o seu discurso para reflectir as necesidades, o respirar e o sentir da sociedade”. Para o presidente da AAAG, Chévere “conta cunha liña clara e cun estilo propio que queremos que nos acompañe nesta vixésima edición”. A gala, organizada pola AAAG, conta co patrocinio de institucións como a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña. E será retransmitida pola TVG.

### O GRUPO CHÉVERE

Chévere é unha compañía de axitación teatral con 28 anos de traballo ao lombo, que soubo manter con naturalidade unha proposta tan irreverente como xenuína e un sólido compromiso social, político e cultural. Chévere actuou en centos de vilas e cidades de toda Galicia, España, Portugal e outros países europeos, latinoamericanos e africanos.

Conservou un núcleo artístico estable (Miguel de Lira, Xron, Patricia de Lorenzo, Manuel Cortés) ao tempo que incorporaba a numerosos profesionais de distintas procedencias xeográficas, xeracionais e

creativas. Fixo espectáculos de moi diferentes estilos e formatos e traballou en espazos pouco convencionais (na rúa, en barcos, aeroportos, carpas de circo, escaparates, etc.). Usando o humor como filosofía e a risa como expresión, as súas obras levan ao palco os debates do presente, documentándoos escenicamente cunha linguaxe contemporánea accesible a públicos moi diversos. Exemplos deste *modus operandi* foron recentemente obras como *Testosterona* (2009), a triloxía *Citizen* (2010-2011), *Eurozone* (2013), *Ultranoite no País dos Ananos* (2014) ou *As Fillas Bravas* (2015).

Chévere creou a Nave de Servizos Artísticos-Sala Nasa en 1992, un espazo cultural independente único pola súa singularidade, ocupándose da dirección artística ata o seu peche a finais de 2011. Alí mantivo o seu cuartel xeral durante 20 anos, servindo de base a gran parte da produción cultural galega e a infinidade de proxectos escénicos, grupos e autores doutras comunidades que representan o máis arriscado deste período.

Nos últimos anos Chévere diversificou o seu teatro de operacións, como resposta á complexidade actual dos procesos creativos e á crise de financiamento da cultura. Participou en proxectos audiovisuais como *Pepe O Inglés* (serie emitida en TVG), *Crebinsky, o filme* (longametraxe en cine) ou *A Viaxe dos Chévere* (documental). Executou innovadores proxectos de creación en internet como *Amores Prohibidos 2.0*, xunto a un grupo de adolescentes. E converteu o seu teatro nunha ferramenta de divulgación, sensibilización e comunicación transversal a moitos sectores da sociedade (divulgación científica, promoción do comercio retailista, sensibilización sobre temas de igualdade e violencia machista).

#### 14 ESPECTÁCULOS FINALISTAS

En total de **14 espectáculos son finalistas** nos XX Premios de Teatro María Casares. ***O principio de Arquímedes***, de Teatro do Atlántico, convértese neste 2016 na produción con maior número de finalistas, ao ter presenza en oito categorías. Pola súa banda, ***Ensaio sobre a cegueira***, de Sarabela Teatro, aspira a 7 galardóns e ***Presidente***, de Teatro do Morcego, opta a 5. Ademais, estas tres montaxes disputaranse o premio ao mellor espectáculo.

***Xardín suspenso***, do Centro Dramático Galego, e ***Manawee***, de Matrioshka Teatro, compiten ambas as dúas en 4 apartados, mentres que ***Noiteboa***, de Redrum Teatro, e ***Panamericana***, de A Panadería, optan a 3 galardóns.

Pola súa parte, ***Calypso***, de Voadora; ***O Furancho***, de Ibuprofeno Teatro, e ***Unha poucas picadelas***, de Teatro de Ningures, acadaron 2 nomeacións cada unha delas aspiran a dous premios. Finalmente, cunha nominación atópanse **30 e tantos ósos** (Aporía Escénica), **Feo!** (Caramuxo Teatro), **O Crédito** (Eme2 Producións) e **Jim e Illa do Tesouro** (Eme2 Producións).

Os premiados daranse a coñecer o próximo 30 de marzo durante a gala dos XX Premios de Teatro María Casares, que se celebrarán un ano máis no Teatro Rosalía Castro da Coruña, cidade na que naceu a actriz que lle dá nome aos galardóns.

Para máis información,

ALBERTO RAMOS

TLF: 653782838

[prensa.premios@aaag.es](mailto:prensa.premios@aaag.es)